

# AS MARGARIDAS

Vera Chytilová, 1966

# 1414

ESTREA EN NUMAX: 29.11.2024 | V.O.S.E. | +12

Cando o mundo parece estar botado a perder, dúas mozas incontrolables embárcanse nunha serie de trasnadas nas que nada —a comida, a roupa, os homes, a guerra— se toma en serio. Cunha vitalidade e desenvoltura que non ten límites, Marie I e Marie II matan o seu aburrimiento aproveitándose de homes maiores que as convidan a gorentosos banquetes, sabotando espectáculos públicos e esnaquizando todo o que se lles pasa pola cabeza, nunha odisea cada vez máis desenfreada e surrealista de enchentas, destrución vertixinosa, e resistencia antipatriarcal na Checoslovaquia dos anos 60.

«Unha mestura de 'Girls' e 'Pussy Riot' filmada co toque surrealista de Buñuel»

J. Hoberman, THE TIMES



## «Os erros non me amolan, o que me amola é o aburrimento»

Por Vera Chytilová

Recordo que cando ingresei na Academia de Cinema de Praga (FAMU) preguntáronme por que quería facer películas, e respondín: «Porque non me gustan as películas que se fan hoxe». Parecíame aburridas, demasiado académicas, demasiado perfectas. Porque eu mesma son imperfecta. O que me divirte é a improvisación, inventar cousas máis aló do que está no guión. En cada rodaxe, sempre estaba atenta ao que sucedía á miña ao redor, buscando elementos que puidesen ser reveladores para a trama. Os erros non me amolan. O que me amola é o aburrimento. Cando as cousas son moi monótonas. Cando repetimos unha toma, esixo aos actores que tenten algo diferente, que o fagan á súa maneira. Non deben estar listos para responder: odio cando se nota que un actor está a esperar a súa quenda. Mataríao. Porque debe estar atento. Quero ver seres humanos atentos, que me escoiten, que reaccionen.

As películas deben ter un significado. Pola contra, non me interesa contar historias. A trama é só unha concesión necesaria ao espectador, para engancharlo, para atraer mesmo ao máis parvo. Nese sentido, a historia debe levar o significado da película. Por que facemos películas? Porque hai problemas nas nosas sociedades.

Sempre me atraeron todo tipo de experimentacións. E cando coñecín a Jaroslav Kučera durante a preparación d'*As margaridas*, deseguido comezamos a reflexionar sobre un tema que nos permitise probar todas as posibilidades da linguaxe cinematográfica. Porque eramos conscientes de que o cinema debería expresar cousas que son indicibles noutras linguaxes. Tiñamos a impresión de que a miúdo as películas non eran máis que teatro filmado, e que non tentaban actuar sobre o espectador, sobre a súa evolución e o seu desenvolvemento, dunha maneira visual. Logo coñecemos a Ester Krumbachová, que tiña a súa propia visión, os seus propios soños. Ese encontro foi esencial para min. Foi entón cando entendín que cada escena debe estar concibida semanticamente, cada unha co seu significado. E así comezou unha estreita colaboración entre tres persoas que non se coñecían, pero que chegaron a entenderse moi ben. Gozabamos dando espazo ao outro para que cada un tivese a posibilidade de expresarse con total liberdade, sempre que fose comprensible para o público xeral.

Acababa de deixar a Cité U e facía calquera cousa coa moza coa que vivía. Así que a idea inicial para *As margaridas* era capturar o estilo de vida desas mozas. O estilo de vida desas estudantes que queren divertirse, que non saben como, que se aburren, que lles gusta xogar, que son fermosas, que teñen sentido do humor etc. E que, ao facelo, rozan os límites da existencia e destrúen certos valores.

Cando fun a Estados Unidos para a primeira Semana do Cinema Checoslovaco, no Lincoln Center, coñecín a Andy Warhol. Fun á Factory, e tanto el como os seus amigos sorprendéronse moito ao saber que tiñamos un guión para *As margaridas*. Que todos os diálogos xa estaban escritos. A min non me interesa unha improvisación que non sabe onde vai nin que sentido ten. Hai que ser consciente e estar concentrado no que se quere expresar. Pero ao mesmo tempo hai que manterse libre no momento da creación, estar atento á propia evolución, ao longo dun día, ao longo da vida. Hai momentos nos que un é torpe e non ten ideas. É entón cando un recorre ao guión. Pero este non é máis que un salvavidas de último recurso.